-Resolución de problemas: moi semellante ao estilo anterior xa que segue o mesmo esquema, pero neste caso o alumnado chega a multitude de solucións xa que non segue ningunha directriz, experimentando e investigando de forma autónoma.

O máis aconsellable é basearse nos estilos mediante a busca, fomentando a autonomía e a iniciativa persoal, pero eu non olvidarei os demais xa que aportan moitos outros aprendizaxes.

Na concreción dos principios metodolóxicos nesta programación docente, o aprendizaxe por competencias será a referencia. Na actualidade, calquera práctica de innovación educativa contempla este aprendizaxe, como indica Javier Valle (2013) no seu artigo ¿Competencias clave como tendencia de la política educativa supranacional de la Unión Europea¿.

Este enfoque pódese ver ao longo da PD, nas relacións establecidas en cada UD entre os diferentes elementos prescriptivos.

Mencionar que de forma trimestral utilizo grupos de traballo na aula, aos que se lle asignan roles de colaboración co docente: encargados de almacén, material, vestiarios e limpeza. O que busco con estos grupos é procurar que o meu alumnado asuma responsabilidade sociais dentro a aulae lles sirva como toma de contacto cun traballo futuro.

Ademais me permite axilizar a formación de equipos para os diversos xogos e deportes.

Principios metodolóxicos

A EF ten como finalidade garantir a competencia motriz, entendéndoa como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen na interacción do neno/a no seu medio e cos demais permitíndolle superar diferentes problemas motrices nas sesións e na vida real. Por isto, o meu papel como mestre leva implícito unha serie de principios e orientacións metodolóxicas

A elas súmolles unha serie de principios fundamentais da EP:

-Medidas de Atención á Diversidade (MAD). Terei presentes os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, as características e o nivel psicoevolutivo do alumnado, promovendo a individualización da ensinanza

-Partirei do nivel do alumnado e dos seus coñecemento previos, buscando a aprendizaxe constructivista.

-O proceso de aprendizaxe irá sempre desde o coñecido ao descoñecido, tendo un orden lóxico e progresivo.

-A participación activa, sendo o centro do proceso; buscando a motivación a través de contidos interesantes que partan do seu interese.

-Traballarei desde unha perspectiva metodolóxica global e lúdica, sendo o xogo o recurso metodolóxico fundamental para acadar os oxectivos dunha forma lúdica, motivacional e pracenteira. Estas tres palabras son a base da intervención educativa.

-Autores como Asubel falan da aprendizaxe significativa. Orientarei o proceso a eses aprendizaxes funcionais e realistas, aplicables á vida real, tendo en conta as experiencias previas e opoñéndose ao memorístico.

-Crearei un clima acolledor e tranquilo na aula, que garanta a comodidade, as boas sensacións e un ambiente adecuado de aprendizaxe.

-A inclusión. Adaptarei o proceso de ensinanza-aprendizaxe á demanda do meu alumnado, tendo en conta as súas características e peculiaridades.

-Utilizarei estilos mediante a busca, fundamentais para garantir a autonomía do alumnado, implicándoos cognitivamente e traballando a investigación e o descubrimento.

-A aprendizaxe en grupos heteroxéneos, equilibrados e variados, fomentando a igualdade, o respecto, a tolerancia ou evitando calquer tipo de discriminación. Utilizarei o gran grupo, pequeno grupo, parellas e práctica individual, contribuíndo a construír o concepto de socialización dos nenos/as e a favorecer as relacións constructivas entre eles/as.

-Buscarei a educación para a prevención e a resolución pacífica de conflitos, evitando a violencia en tódolos ámbitos da vida.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
CLASIFICACIÓN MATERIAL E RECURSOS:
A) Convencional pequeno tamaño: aros, cordas, picas, conos, pelotas, ...
B) Convencional gran tamaño: porterías, canastras, bancos, colchonetas, pelotas xigantes,...

C) Non convencional: globos, toallas, sacos, teas, panos,...

D) Non convencional refutable: xornais, botellas, bolsas de plástico, botes suavizante, vasos iogur,...

E) Informático e audiovisual: proxector, pizarra dixital, ordenador, altosfalantes, equipo de música,...

F) Instalacións: patio exterior, ximnasio, patio cuberto, pavillón, pista polideportiva,...

Os materiais que utilizo na miña proposta son fundamentais para o bo desenvolvemento da mesma, sempre considerándoos un medio para acadar un fin. Así, a miña PD, permíteme o uso dunha gran variedade de materiais adaptables, polivalentes, versátiles, manexables, coas oportunas medidas de seguridade e adaptados á realidade concreta na que os vou a usar.

Utilizarei espazos coma o pavillón polideportivo e as zonas verdes e patio do centro, ofrecéndolle ao meu alumnado diferentes posibilidades de práctica.

No que respecta aos tempos, terei en conta a idade, adaptando as actividades as súas características.

As actividades son sempre variadas e significativas, plantexadas desde unha perspectiva global de maneira que, a través delas, traballamos contidos de tódalas áreas favorecendo a interdisciplinabilidade.

Teño moi en conta a produción de feedback, o que garante a mellora das súas execucións e permitíndolles adquirir novas experiencias motrices.

A intensidade no traballo é crecente, adecuando as actividades a cada parte da sesión. Son tarefas de carácter global, motivantes, limitando a competición e valorando o proceso, o interese e o esforzo por enriba do resultado final. Teño moi en conta a súa presentación: títulos motivantes, explicacións claras e precisas, utilización de apoios visuais e sonoros (sobre todo no caso dos alumnos/as con necesidade e/ou extranxeiros/as) para facilitar a súa comprensión, xestos, demostracións e descripcións. Utilizarei as diferentes canles de comunicación proppostas por Sánchez Bañuelos: visual, auditiva e kinestésica-táctil para potenciar a comprensión e mellorar a oportunidade de feedback.

Sinalar que tamén teño moi en conta o que poida ocorrer nas sesións: imprevistos, lesións, malos comportamentos, condicións climatolóxicas adversas, problemas nas instalación, etc. Por este motivo sempre teño elaboradas certas actividades de busca de información na biblioteca e na aula para realizar traballos escritos e orais, de forma cooperativa, usando os equipos de traballo de aula.

e.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Lagardera define a avaliación como un mecanismo de recollida de información que, unha vez valorada, serve para tomar determinadas decisións.

A avaliación debe ser entendida como unha práctica reflexiva que nos permita comprender mellor o que sucede no escenario educativo. Tamén nos permitirá investigar sobre a nosa propia práctica. Polo tanto, a avaliación débenos servir para acumular o maior número de información sobre un alumno e sobre todos os aspectos que determinan o proceso de aprendizaxe.

En Educación Física a avaliación posúe unha serie de peculiaridades que se deben ter en conta:

- O carácter lúdico que a actividade físico-deportiva posúe fai que os obxectivos que se platexen sexan de satisfacción persoal. Xerar actitudes positivas e duradeiras é unha meta a longo prazo, logo non debemos obsesionarnos con obxectivos inmediatos.
- A estreita relación entre motricidade e desenvolvemento evolutivo desvirtúa os éxitos conseguidos polo profesorado.
- As condicións en que se desenvolve a área: número de alumnos, tempo dispoñible, necesidade de instrumentos ou condicións específicas e a imposibilidade de avaliar de forma masiva poden restar eficacia á avaliación. Polo tanto é

necesario abordar estas condicións con criterios realistas, debemos seleccionar instrumentos que pola súa economía, facilidade de aplicación, fluidez na organización e calidade da información recollida alteren menos o ritmo de clase.

- Ten que de compaxinar as apreciacións subxectivas coas obxectivas, tanto unhas como outras poden alterar a información. Os obxectivos actitudinais poden perderse na subxectividade e a práctica exclusiva de probas obxectivas reduce o progreso do alumno fronte á norma.

- A ausencia dun contido estable definido e uniforme fai que se imparta substancialmente de forma diferente segundo as circunstancias da contorna.

Hai tres momentos significativos no proceso avaliador dentro do desenvolvemento curricular que determinan as súas funcións específicas. Son a avaliación inicial-diagnóstica, a avaliación procesual-formativa; e a avaliación final sumativa.

A avaliación inicial serve para coñecer o nivel, non exacto, pero si unha aproximación, do grupo clase con respecto a algúns contidos. A través desta avaliación inicial en educación física, non se pretende coñecer todos os aspectos que se poidan avaliar na área (se fose así poderíamos estar todo o ano avaliando), senón só aqueles que sexan máis relevante para o obxectivo educativo que cada un pretenda conseguir, e así poder realizarse unha idea rápida e global de onde pode partir.

Existe unha gran variabilidade de aspectos a avaliar en Educación Física e de distinta natureza (expresión corporal, habilidades motrices básicas, equilibrio, coordinación, capacidades física básicas, actividades no medio natural, xogos de cooperación-oposición, respecto que lle teñen ao material, a autonomía, etc.).

Podemos definir a avaliación inicial como aquela que nos permite diagnosticar ata onde pode chegar o proceso de ensino/aprendizaxe, como o punto de partida dos obxetivos propostos.

Na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos de dita unidade (posibilidades, necesidades, intereses, etc). Suporá unha avaliación inicial que poderá condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións.

Tamén ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as. Esta primeira avaliación do curso que se levara a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter un diagnóstico inicial estará composta por:

- Ficha médica de cada alumno e alumna
- Circuitos e actividades que comprendan os seguintes contidos:
 - Estructuración espazo-temporal: Correr por unha sucesión de aros, desprazarse en función dun ritmo marcado.
 - Coordinación e equilibrio: Manter a posición sobre un só apoio un tempo determinado, alternar saltos sobre un banco (pernas abertas, pes xuntos), botar un balón.
 - Habilidades básicas: Lanzamento e recepción dun balón, salto en altura e lonxitude.
 - Habilidades xenéricas: conducción e botes cun balón nun recorrido establecido.
 - Capacidades físicas: Resistencia (5 min), Velocidade (30 m), axilidade (circuito), Forza tren inferior (salto horizontal), flexibilidade (flexión de tronco).
 - Expresión e comunicación corporal: Axustar movementos a un ritmo dado, xogos de mímica.

Así, busco agrupamentos flexibles e heteroxéneos de alumnos e alumnas, realizando as adaptacións curriculares necesarias para asegurar o cumprimento das súas necesidades educativas e intereses persoais. ses persoais específicos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	7	7	7	6	7	7	7	7	7
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	8	6	6	6	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100

Cráterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvollen as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.

Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e a avaliación.

Débense variar os instrumentos de avaliación para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

A avaliación será Criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparárase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.

Ao ser unha programación didáctica para 1º Ciclo empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Rexistraremos diariamente o que acontece nas sesións, empregando diferentes Instrumentos de Avaliación:

- ESCALAS DE VALORACIÓN: cada U.D. inclúe a escala que se aplicará nela.
- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.
- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.
- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.
- COAVALIACIÓN: o alumnado será o responsable de avaliar aos seus compañeiros en aspectos e accións definidas polo docente.
- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.
- LUDOGRAMAS: permite observar e representar o rol dos xogadores; e contabilizar accións (por exemplo, o número de pases que fai).
- SOCIOGRAMA. permitiranos coñecer as relacións sociais que existen dentro dos membros do grupo.

CANDO SE AVALÍA?

1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestres teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres. A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación.

Curso 2022/2023:

1º TRIMESTRE (6 UD - 41%):

- UD. 1: 10% = equivalente a un 1 da nota 1º trimestre.
- UD. 2: 22% = equivalente a un 2,2 da nota 1º trimestre.
- UD. 3: 19% = equivalente a un 1,9 da nota 1º trimestre.
- UD. 4: 17% = equivalente a un 1,7 da nota 1º trimestre.
- UD. 5: 15% = equivalente a un 1,5 da nota 1º trimestre.
- UD. 6: 17% = equivalente a un 1,7 da nota 1º trimestre.

Nota do 1º trimestre (suma das UD da 1 á 6)= 10

2º TRIMESTRE (5 UD - 33%):

- UD. 7: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 8: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 9: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 10: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 11: 15,2% = equivalente a un 1,52 da nota 2º trimestre.

Nota do 2º trimestre (suma das UD da 7 á 11)= 10

3º TRIMESTRE (4 UD - 26%):

- UD. 12: 31% = equivalente a un 3,1 da nota 3º trimestre.
- UD. 13: 23% = equivalente a un 2,3 da nota 3º trimestre.
- UD. 14: 23% = equivalente a un 2,3 da nota 3º trimestre.
- UD. 15: 23% = equivalente a un 2,3 da nota 3º trimestre.

Nota do 3º trimestre (suma das UD da 12 á 15)= 10

3. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) :

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1 Desenvolvemento das Ud. desta programación didáctica. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso.

Baseándonos nisto as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final.

Curso 2022/2023: - 1º TRIMESTRE (6 UD): 41% equivalente a un 4,1 da nota final

- 2º TRIMESTRE (5 UD): 33 % equivalente a un 3,3 da nota final

- 3º TRIMESTRE (4 UD): 26 % equivalente a un 2,6 da nota final

- ORDINARIA (suma das 15 UD): 100% equivalente a 10.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.

2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Defínese ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) como "aquele que requira unha atención educativa diferente á común por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar".

Busco unha proposta aberta e flexible na que primen os principios de normalización e inclusión; a equidade, a igualdade e a non discriminación, favorecendo á diversidade do meu alumnado, respetando os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe e tendo en conta as súas características, tal e como sinala o D.229/2011, de 7 de decembro. O grao de esixencia das actividades está adaptado ao seu momento evolutivo.

Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE)

Neste caso con dous nenos con dificultades de linguxe, un deles traballa moito por imitación pero non requiren, polo momento, ningunha atención específica no meu ámbito. Igualmente sucede con dúas nenas cun transtorno do desenvolvemento (sen especificar, polo momento) que tampouco requiren medidas extraordinarias.

Para todos eles si que utilizarei medidas ordinaria como apoios visuais e demostracións para facilitarlles o seu traballo e comprensión na aula.

É imprescindible destacar a importancia da avaliación inicial, tanto ao comezo do curso escolar como en cada UD, a cal permitirá detectar e avaliar os casos de NEAE e NEE que poidan surxir, adaptando o proceso de ensinanza-aprendizaxe á nena ou neno en cuestión e levando a cabo as medidas pertinentes en cada momento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión Lectora	X							
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X							
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X		X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X		X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial								
ET.6 - Educación Ambiental	X							
ET.7 - Educación Para a Saúde	X		X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X		X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X		X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.1 - Comprensión Lectora						X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita						X	X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial							X
ET.6 - Educación Ambiental							X
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar; desenvolver as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiran os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns.

Desta forma, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, a actuación do profesor e a relación que se establece entre el e o alumno reviste unha gran relevancia; por iso, os principios nos que se fundamentan os temas transversais deben inspirar en toda a actividade docente e, do mesmo xeito deben ser traballados conxuntamente coas familias para que os nenos e nenas non vivan actuacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar. Para conseguir o anteriormente exposto, faise necesaria a presenza dos temas transversais no currículo.

Hai que sinalar, que os temas transversais impregnan gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas senón impregnado todo o labor educativo na que todo o profesorado de todos os niveis e etapas educativos está involucrado.

Ditos temas poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante.

Baseándonos na lei educativa actual e na concreción no Decreto de Currículo de Ed. Primaria traballaremos os elementos transversais presentados a continuación:

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O Magosto e Samaín	Posta en práctica de Xogos populares e Tradicionais no patio colexio para celebrar ditas conmemoracións			
Saída á praia do barrio	Xogos no areal do barrio e recollida de lixo			
Plan Proxecta: Proxectos de Vida Activa e Saudable	Programa co cal pretendemos dende o centro inculcar hábitos de vida activa e saudable, buscando o incremento diario de actividade física que realiza o alumnado, tanto dentro como fóra do centro, e a medición do impacto que ten este incremento da carga de actividade física realizada na saúde dos escolares.			
Día Mundial do Medio Ambiente	Realizarase unha saída ao entorno natural próximo ao centro para realizar unha pequena ruta de sendeirismo.			

Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

As actividades Complementarias e Extraescolares que se presentan na listaxe son un exemplo de actividades que se poderán levar a cabo, polo que serán adaptadas a cada centro docente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
Alumnado: conseguíuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinariade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais (comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)

Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

O/A mestre/a de Educación Física, polo tanto, ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista.

A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feedback recibidos e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno/a, avaliación do docente e avaliación do ensino - aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adequación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adequación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adequación da secuencia de traballo na aula.
- Adequación dos materiais didácticos utilizados.
- Adequación do plan de avaliación inicial deseñado
- Adequación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
- Adequación dos programas de apoio, recuperación.
- Adequación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adequación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adequación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021834	CEIP Leticia	Ferrol	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	26
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	33
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	33
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	34

1. Introducción

1.1. Xustificación da programación

As vantaxes e oportunidades que nos ofrece a presente Lei de Educación (LOMLOE), as esixencias e necesidades cada vez máis pluriculturales da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa no Marco común europeo de referencia para as linguas, son tres craves significativas que quedan reflectidas no proxecto All About Us Now.

Cunha clara vocación educativa e de aprendizaxe onde os alumnos aprenden inglés a través de actividades motivadoras con carácter lúdico que permita de forma inconsciente e natural a adquisición da lingua estranxeira, e que encerran o reto de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento dunha lingua estranxeira non só como unha materia máis senón como o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable, promóvese a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara ás normas e os valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa de Educación Primaria.

A finalidade do noso proxecto é, en primeiro lugar, conseguir que o alumnado adquira todas as competencias establecidas no Perfil de Saída ao termo do seu ensino básico, centrándonos, como é lóxico, nas competencias en comunicación lingüística e plurilingüe; facendo especial fincapé na competencia persoal, social e de aprender a aprender, competencia dixital e na competencia emprendedora. Traballarase intensamente ao longo de todo o proceso a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC; pero tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade. Por outra banda, incorporárase de forma transversal a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto e a cooperación.

Este proxecto ten en conta cambios tan significativos e evidentes como a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de realizar unha tarefa. Elementos que se converteron nunha prioridade e nunha ferramenta clave respectivamente no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ao longo de toda a vida.

Neste proxecto, o profesorado deberemos crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe atendendo particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e á procura do desenvolvemento do talento de cada un deles. Preparará e organizará o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo; coordinará accións; impulsando actitudes positivas cara ao idioma e a cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese do alumno cara ao novo e a creatividade, intervindo de forma activa e reflexiva, e tratando os erros como signos de progreso. Pola súa banda, o alumnado debe participar de forma activa no seu proceso de aprendizaxe.

1.2. As competencias clave integradas

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que fai e o que di de forma creativa e autónoma e que saiba adaptarse aos cambios que se están producindo de forma constante e habitual.

Desde a área de linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interaccionan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continua e para toda a vida, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, ha de ser capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes formulacións en diversos contextos.

Cabe destacar o carácter combinado da aprendizaxe por competencias: o alumno, mediante o que sabe, debe demostrar que o sabe aplicar, pero ademais que sabe ser e estar. Desta forma vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceitos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumno. En suma, estamos a recoñecer que a institución escolar non só prepara ao alumno no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán activo, por iso é polo que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto aos demais e ao planeta,

responsabilidade e cooperación; e cun estilo de vida saudable e sostible.

O noso proxecto recolle e integra os diferentes elementos curriculares para o ensino da lingua estranxeira, así como criterios e indicadores de competencias para a avaliación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da materia.

-CONTEXTO

Contexto particular do centro

1eiro Curso de Educación Primaria Inglés

Nome do centro: CEIP Leticia

Enderezo: Rúa Cuco Ruiz de Cortázar s/n

Localidade: Ferrol

Provincia: A Coruña

Composición do departamento de linguas estranxeiras

1. Pablo Monteagudo Gómez

Distribución do alumnado

Curso 1º

N.º de alumnos/as: 16

N.º de grupos: 1

Características do alumnado:

Xerais:

.Grupos medios.

.Alumnado moi diverso, ás veces, cunha diferenza abismal na consecución de obxectivos e nas súas capacidades.

.Alto número de alumnado de etnia xitana.

.Alumnado motivado para o aprendizaxe.

.Alto grao de sentimento de pertenza ao grupo.

Perfil del centro

Nivel social: Mixto

Zona: Barrio periférico

N.º de alumnos de integración: 20-25

Observacións:

Importante nº de incorporación tardía.

. Características dos grupos en canto á aprendizaxe

Características xerais

Grupo: 1º

- Gústalles aprender mentres realizan actividades lúdicas.....SI
- Mostran con facilidade/dificultade a súa creatividade e imaxinación.....SI
- Resulta fácil/difícil espertar a súa curiosidade.....SI
- Expresan o que senten con facilidade/dificultade.....SI
- Mostran capacidade/incapacidade para organizar e analizar a súa propia aprendizaxe.....SI
- Son/non son conscientes das vantaxes de traballar de forma cooperativa en clase.....SI
- Exprésanse de forma coherente/incoherente e correcta/incorrecta na súa propia lingua.....SI
- Non necesitan/necesitan entender todas as palabras dun texto para comprendelo.....SI
- Gústalles/desgusta ler en casa.....SI

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	I love school.	Vocabulario e expresións de uso habitual na aula; xogos de interacción do alumnado entre si e da mestra co alumnado: role-plays, memory game con tarxetas de imaxes, dominós de imaxes, paseos polo colexio, interior e exterior; xogos interactivos en formato dixital.	10	7	X		
2	After school.	Vocabulario sobre as partes do corpo. Accions relacionadas con elas. Seguir instrucións e ordes sinxelas. (Toca a cabeza, toca os xeonllos) Producir mensaxes orais relacionadas co corpo. escoitar e ver un video: "Hockey Pockey" e imitar as mesmas accións coas partes do corpo. Canción moi sinxela : "Keep moving"	10	7	X		
3	A winter walk.	Vocabulario e expresións relacionados co inverno: froita, o tempo climatolóxico, a natureza arredor, cores, celebracións tradicionais neste tempo coa comparación entre culturas: Christmas Actividades no exterior: paseos pola contorna, recollida de materiais da natureza e elaboración na aula dun mural. Canción relacionada co tema do proxecto. Storytelling e dramatización.	10	7	X		
4	Christmas songtime.	Escoiler tres cancións sinxelas e populares de Nadal. Vocabulario sinxelo relacionado (nadal, xoguetes) escoitar, cantar, dramatizar. Video clip feito polo alumnado coas cancións aprendidas e con felicitacións de Nadal.	10	6	X		
5	Time to tidy up!	Expresando habilidades usando can and cannot relacionandoo coas súas afeccións. (leer, cantar, bailar, xogar a algun deporte, tocar algun instrumento....) Storytelling e canción relacionada co tema. Performing actions.	10	7		X	
6	Carnival is coming! Dressing up.	Vocabulario relacionado coa roupa e o Entroido. Video sobre o Carnaval de Notting Hill. Farán desfile con roupa. Os alumnos e alumnas comentarán o que	10	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Carnival is coming! Dressing up.	levan posto os compañeiros. Elaboración de pequenos cortos de video no que cada alumno/a describirá o que leva posto.	10	5		X	
7	I take Harry to the vet.	Vocabulario relacionado cos animais domésticos e salvaxes. Números e cores. Preposicións in , on , under. Online game: discover the animal. Mimo. Bingo. Domino de animais. Listening, picture dictation. Canción "I have a pet". Descibir as súas mascotas ou peluches.	15	11			X
8	Let's go on a picnic.	Vocabulario relacionado coa comida. Expresar like e do not like. Conto: "Ketchup on my cornflakes". Story telling e visualización da online story. Xogo e canción relacionado co conto	15	10			X
9	Trip to London	Facemos unha viaxe por Londres. Recorremos os seus monumentos máis icónicos. Planeamos a visita con axuda da web. Vocabulario relacionado coa cidade. Rap Big Ben is not a person. Story telling. Online story about London. Board game. London Map.	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	I love school.	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.1. - Recoñecer palabras habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Comunicación- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado.		
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Oral: desenvolver a fluidez a través dos debates liderados polo profesor, e a precisión a través de actividades orais controladas que implican repetición. Escrita: completión de oracións coa linguaxe aprendida na unidade; dispoñer dun modelo sobre o que basear a súa peza personalizada		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	-Conversa entre iguais ¿About me and you¿ (páx. 9)-Representación da historia da unidade (páx. 11, ex.5)-Preguntas e respostas sinalando obxectos cos seus compañeiros (páx 12, ex.3)- Intercambio de preguntas e respostas cos seus compañeiros sobre o tema da lección.		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar e despedirse.		
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse - Identificar algunhas características básicas de animais. - Responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás. - Expresar o tempo :días da semana. - Identificar algunhas características básicas de obxectos e lugares. - Expresar o tempo : os meses .

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Expresar o tempo :estacións do ano. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Léxico básico elemental relativo a lugares e contornos próximos de interese para o alumnado - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas - Léxico básico elemental relativo a vivenda. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.

UD	Título da UD	Duración
2	After school.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.1. - Recoñecer palabras habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer palabras habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar	TI	100
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Producir mensaxes moi breves e sinxelos de forma guiada.		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns apoiándose en recursos como a repetición.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar información básica		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
4	Arte	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Coñece e lembra algúns datos relevantes da vida e obra de Picasso.	TI	100
CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Identifica e sitúa no mapa algunhas cidades importantes na vida de Picasso.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as obras dos demais.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Le e comprende frases relacionadas coa vida de Picasso.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa e colabora cunha actitude positiva na elaboración dun mural.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Memoriza e recita fragmentos de poemas moi sinxelos relacionados coas obras de Picasso.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta e interésase polas producións propias e alleas.		
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Coñece e lembra algúns datos relevantes das obras do pintor traballadas na aula.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Emprega estratexias para descubrir palabras relacionadas con Pablo Picasso mediante xogos e/ou xeroglíficos.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as obras dos demais.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Completa descrições de cadros de Picasso coas palabras aprendidas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa e colabora cunha actitude positiva na realización da sinatura do artista.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas audicións e cos vídeos relacionados coa vida e obra de Picasso.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta e interésase polas producións alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respeito e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respeito e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.

Contidos

- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía axil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Séguese a traballar con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregárase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia. Nesta o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
- ligazóns de interese relacionadas coa materia
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor partituras, gravación, etc.
Altofalantes
Pinceis e témperas
Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Diferentes tipos de follas secas
Bloc de debuxo e cartolinas.
Páxina web do centro: sección Aula de EPV/Aula Virtual
Estoxo

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades. A maiores, este anpo o centro conta cun aula específica de educación artística que facilita o emprego de materiais máis engorrosos como pode ser a cola ou a pintura xa que conta cun lavabo propio.

´Cabe subliñar o feito de que a aula ordinaria conta cunha pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O material empregado está dentro da aula está situado nunha estantería adicada unicamente ao material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas...).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha serie de probas co fin de coñecer o punto de partida; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras de infantil do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 3 ou 4 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

-alumnado do centro

-alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba neste centro consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade. Ademais, rexistraranse aspectos como a capacidade de recepción, comportamento, actitude, etc.

Realizarase unha reunión co persoal titor de Educación Infantil para comentar os aspectos máis salientables a ter en conta do alumnado (comportamento, actitude...).

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	18	18	24	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao longo dos seguintes trimestres, xa que se trata dunha avaliación continua.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua: neste centro danse moitos casos de incorporación de alumnado que accede ao centro unha vez iniciado ou xa moi avanzado o curso. Levarase a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo e traballarase na comunicación facendo moito máis fincapé a través de imaxes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída a unha zona de árbores de folia caduca	Recoller distintos tipos de follas de árbores para realizar a actividade de frottage.	X		
Decoración de corredores	Decorar os corredores do centro seguindo a temática das festividades reflectidas no calendario escolar.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Outros

Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluírase, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados

destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021834	CEIP Leticia	Ferrol	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD de aquí en diante) está enmarcada no "Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Neste centro, dado o contexto do alto número de alumnado procedente doutros países e de etnia xitana, e, en moitas ocasións de incorporación tardía, tanto nun eixe coma no outro farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas musicais e da danza do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, con especial relevancia daquelas procedentes das rexións e/ou países do alumnado inmigrante e de etnia, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social, sen esquecermos por suposto do noso infindo abanico, aquel que nos ofrece a música popular galega.

Cada unha das 4 Unidades Didácticas (UD de aquí en diante) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle ao alumnado a importancia de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade, sen a valoración estética do resultado final. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música, empregando o seu corpo, voz e instrumentos musicais (os da aula, os que nos ofrece o día a día -coñecidos como cotidiáfonos, por exemplo unha culler- e a contorna -o son das follas mesmamente-)

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD ten un carácter complementario con respecto ás tres UD restantes, na que se reflicten os contidos e elementos de índole común aos tres trimestres. As sesións das UD terán sempre a mesma estrutura: quecemento corporal e/ou vocal, canción (ou recitado, rap...), audición (sempre ligado ao traballado na canción ou ao proposto posteriormente na práctica instrumental), práctica instrumental e/ou movemento (dependendo do tempo de cada actividade ou da necesidade de traballo de cada un) e volta á calma.

Nesta PD, na súa estimación do cambio de etapa a experimentar polo alumnado de 1º primaria, contempla este nivel como esa transición á primaria, especialmente no 1º trimestre. Nese senso, outro dos obxectivos chave desta será o traballo e desenvolvemento psicomotor, con especial fincapé na motricidade fina.

Aínda que agora esta materia se independizou da área de plástica, non quixese esquecer o valor complementario e interdisciplinar recíproco, polo que, dentro do posible, estarei en contacto coas mestras de dita materia para así poder realizar un traballo colaborativo (creación de instrumentos con obxectos cotidianos, reciclaxe...).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	1, 2, 3...música e acción!	Esta UD pretende iniciar as bases da clase para este primeiro curso e para o resto da etapa: a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc. Ao mesmo tempo traballarase a recepción activa e a vivencia na iniciación dos elementos básicos da música e da danza a través dunha ampla variedade de cancións e actividades ligadas á audición	15	7	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	1, 2, 3...música e acción!	(ditados interactivos), ritmo (batucada), movemento (coreografías)...sen esquecer os elementos que non son propiamente musicais pero son tan precisos para o desenvolvemento íntegro do alumnado: a atención, a concentración, respecto... (xogos que axudarán na mellora destes elementos, como respectar o turno de palabra ou a mellora da atención á hora de estudar, realizar tarefas escolares...).	15	7	X		
2	Inverno musical!	Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza, mais nesta ocasión, a través de diversos contíños invernais (continuación do Apalpador, O Valo, Farrapos e Saínza) como fío condutor para adentrarnos no traballo do Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller.	25	7		X	
3	Chegou o primaverán fest!	A UD3 desenvolve un pouquiño máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados; nesta ocasión o fío condutor serán as festas e festivais galegos (na maioría das veces) sobre lendas dos ciclos anuais ou días sinalados do terceiro trimestre, que nos levarán de visita polo día das Letras Galegas, Día da Música, o San Xoán e outras festividades.	40	7			X
4	Bailando...eu paso o día, bailando!	Esta UD profundiza nas músicas e danzas doutras rexións e países: a visualización e valoración destas, así como a interpretación dunha coidada selección das mesmas, con especial fincapé daquelas procedentes das mesmas zonas co alumnado inmigrante, sen esquecer as da terra. O traballo en grupo e grande grupo será o predominante, procurando unha participación activa do alumnado e procurárase a asistencia en vivo a algunha representación artística de música e/ou danza. Engloba elementos comúns ás 3 UDs principais, polo que será traballada ao longo dos tres trimestres.	20	14	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	1, 2, 3...música e acción!	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	-Descobre propostas musicais tradicionais e populares dos diferentes continentes e do propio.	TI	100
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	-Identifica, e representa con grafía non convencional, negra e silencio de negra; son rápido e curto e son forte e piano.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	-Manifesta respecto na recepción de propostas artístico-musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	-Reproduce rítmicamente co corpo fórmulas de 4 pulsos.		
CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	-Descobre propostas artísticas do baile e a danza tradicional e popular dos diferentes continentes e do propio.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	-Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	-Descobre propostas artísticas do baile e a danza tradicional e popular dos diferentes continentes e do propio.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	-Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	-Interpreta e crea combinacións rítmicas, con grafías non convencionais e de 4 pulsos, de sons fortes e pianos, outras de sons longos e curtos e outras de negras e silencios de negra.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	-Manifesta respecto na realización de propostas escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde - Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión - Técnicas dramáticas e dancísticas elementais. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.

Contidos

- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
2	Inverno musical!	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	-Descobre propostas musicais clásicas (cultas) e modernas (rock, pop, jazz, etc.).	TI	100
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	-Identifica, e representa con grafía non convencional, pulso con e sen acento e son agudo e grave. -Asigna notas (mi e sol) a unha pequena partitura rítmica de 6 pulsos (con negras e silencios de negra).		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	-Manifesta respecto na recepción de propostas artístico-musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	-Realiza ditados de 4 pulsos: rítmicos (negra e silencio de negra) e melódicos (mi e sol).		
CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	-Interpreta e crea combinacións rítmicas, con grafías non convencionais e de 6 pulsos, de sons acentuados e non acentuados e outras de sons agudos e graves.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	-Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	-Descobre propostas artísticas da danza clásica, moderna e contemporánea.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	-Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	-Realiza movementos para seren imitados en espello pola clase.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	-Manifesta respecto na realización de propostas artísticas escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde - Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - como medio de expresión e diversión - Técnicas dramáticas e dancísticas elementais. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
3	Chegou o primaverán fest!	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	-Descobre propostas musicais con instrumentos de materiais sinxelos, refugallo e/ou reciclaxe.	TI	100
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	-Identifica a clave de sol; as notas do, mi e sol e o pentagrama, situando neste último os referidos elementos.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	-Manifesta respecto na recepción de propostas artístico-musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	-Asocia sons e voces coñecidos da súa contorna a obxectos ou persoas.		
CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	-Le e entoa unha partitura de 4 pulsos (notas: mi e sol; figuras negra e silencio de negra).		
CA2.5 - omar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	-Participa na elaboración dun mural grupal sobre instrumentos musicais e danzas e bailes tradicionais e populares galegos.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	-Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	-Descobre propostas musicais con instrumentos de materiais sinxelos, refugallo e/ou reciclaxe.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	-Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	-Elabora algún instrumento con materiais sinxelos da súa contorna, de refugallo e/ou de reciclaxe.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	-Manifesta respecto na realización de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	-Identifica e discrimina entre baile ou danza individual, en parella e grupal en cada unha das manifestacións seleccionadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. - Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.

Contidos

- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
4	Bailando...eu paso o día, bailando!	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	-Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	-Elabora algún instrumento con materiais sinxelos da súa contorna, de refugallo e/ou de reciclaxe.		
CA1.5 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	-Identifica e discrimina entre baile ou danza individual, en parella e grupal en cada unha das manifestacións seleccionadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	-Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	-Participa na elaboración dun mural grupal sobre instrumentos musicais e danzas e bailes tradicionais e populares galegos.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	-Comparte as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas.		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	-Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	-Participa na elaboración dun mural grupal sobre instrumentos musicais e danzas e bailes tradicionais e populares galegos.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	-Identifica e discrimina entre baile ou danza individual, en parella e grupal en cada unha das manifestacións seleccionadas.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	-Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	-Comparte as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	-Participa grupalmente na creación e interpretación dunha pequeno conto que empregue algúns instrumentos, ou outros, a modo de efectos dramáticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.

Contidos

- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.
- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico de música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.
- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, con contidos e elementos comúns aos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás unidades restantes, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está

pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

-Automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.

-Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.

-Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:

-consciencia e colocación da postura corporal

-respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto

-fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) co corpófono e/ou coa voz

A estrutura das sesións será a seguinte: quecemento corporal e/ou vocal, canción (ou recitado, rap...), audición (sempre ligado ao traballado na canción ou ao proposto posteriormente na práctica instrumental), práctica instrumental e/ou movemento (dependendo do tempo de cada actividade ou da necesidade de traballo de cada un) e volta á calma.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital (PDI)
Ordenador portátil con software aberto e pechado: reprodución de vídeo e audio, actividades para interactuar na PDI
Altofalantes
Piano electrónico
Micrófonos inalámbricos e altofalante bluetooth
Ukelele
Estoxo con lapis, goma e cores
A aula da radio

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias. Nos de menor número, faranse quendas pero mentres estarán a tocar un instrumento diferente ou empregando a percusión corporal ou a voz.

A aula é espazosa e específica para a materia. O encerado é dixital e táctil e permite escribir nel, cunha altura axeitada para as estaturas de todos os cursos.

O ordenador de aula é novo e conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altofalantes, que

están en bo estado, para a reprodución auditiva.

O/s micrófono/s e o altofalante bluetooth empregaranse para a gravación e os xogos de karaoke.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material, así como do bo trato ao material propio da aula.

Contamos coa aula da radio para gravar parte das cancións que aprendamos, e onde elaboraremos algún podcast relacionado co que traballamos na aula (estilos de música, elementos da linguaxe musical...).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial para comprobar os coñecementos previos. Como eu xa fun a profe de música en educación infantil sei o nivel que adquiriron, pero quero comprobar que lembran e onde vou poñer o punto de partida no primeiro trimestre.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 3 ou 4 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular.

Dita serie de probas consistirán na execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro; ao mesmo tempo, rexistraranse aspectos como a capacidade de recepción, comportamento, actitude, etc.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	25	40	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 60% + UD4 40%

-2º trim.: UD2 60% + UD4 40%

-3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 35%

-2º trim. 30%
-3º trim. 35%

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, iso será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto tería lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

- Comunicación ao titor/a e familias. Especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin.
- Comunicación ao alumnado en cuestión. De xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle verbalmente as dúbidas que poidese ter ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

6. Medidas de atención á diversidade

- Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:
- Actividades programadas para todo o grupo.
 - Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
 - Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
 - Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase. O traballo sempre por imitación favorecerá a inclusión de dito alumnado na dinámica cotiá da aula.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o

anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible			X	
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival de Samaín	1º trimestre	X		
Festival de Nadal	1º trimestre	X		
Festival de Entroido	2º trimestre		X	
Contacontos-concerto didáctico-obradoiro	2º ou 3º trimestre		X	X
Festival de fin de curso	3º trimestre			X

Observacións:

A aula de música participa nos distintos festivais que se levarán a cabo nos tres trimestres preparando unha actuación musical que pode abarcar a canción (con ou sen movemento), a danza (con ou sen canto) ou a dramatización (un pequeno espectáculo de teatro musical ou un conto musicado).

No segundo ou terceiro trimestres tratarase de traer ao cole un contacontos (relacionado coa música) ou un pequeno concerto didáctico (ou ben asistir fóra da escola) como complemento á materia e sobre o que traballaremos antes e despois da data establecida. Outras posibles actividades serán obradoiro de instrumentos elaborados con obxectos de reciclaxe, concurso de regueifa, participación nun concurso de coreografías...

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
-Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
-Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
-Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
-Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
-Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Metodoloxía empregada
-A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
-Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado
Medidas de atención á diversidade
-Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
-Aportouse información ao persoal docente titor.
-Contactouse coas familias (a través do/a titor/a) sempre que foi necesario.

Descrición:

Os citados indicadores de logro van acompañados dunha escala de valoración que vai do 1 ao 4, onde:

- 1=NON.
- 2=NON SEMPRE.
- 3=CASE SEMPRE.
- 4=SÍ.

Unha táboa recollerá dita información ao final de trimestre e curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os erros máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante a táboa referida no apartado 8.1. á que se lle engadirá, a maiores, as táboas precisas que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021834	CEIP Leticia	Ferrol	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	7
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	8
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	8
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	9
9. Outros apartados	9

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CEIP situado no barrio de Caranza (Ferrol) que amosa unhas características singulares dende o punto de vista socio económico e cultural que teñen, inevitablemente, o seu correspondente na vida escolar.

Trátase dun barrio constituído na década dos setenta no asentamento da antiga parroquia de Caranza, eminentemente rural. Desde a súa creación, onde chegou a ter máis de 20.000 habitantes, ata a actualidade tivo unha importante perda poboacional, ronda agora os 12.000 habitantes. Este descenso foi debido ás reconversións da industria naval e, nestes momentos a unha profunda crise económica que mantén un alto índice de paro no barrio, producindo a emigración da xente máis nova, co conseguinte envellecemento poboacional.

Aséntanse tamén no barrio, unhas 150 familias de etnia xitana, que teñen maioritariamente ao noso centro como referencia. A presenza de poboación inmigrante é moi minoritaria en relación a outras zonas, debido ás características económicas da comarca.

O grupo seleccionado de 1º EP, está composto por 16 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 5 e os 6 anos.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os animais	Determinarase o tema no que o o grupo vai pescudar información sobre curiosidades dos animais.	25	10	X		
2	Mulleres	Cada grupo fai unha investigación sobre a muller asignada.	35	10		X	
3	A cidade	eterminarase o tema no que o o grupo vai pescudar información sobre a nosa cidade.	40	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os animais	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da cultura popular e a tradición galega.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización dos modelos.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Mulleres	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	A cidade	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a campaña publicitaria.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

Os proxectos serán realizados en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final dos proxectos.

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Terán liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión. Os proxectos poderán ser difundidos nunha exposición nos corredores do colexio e mesmo facer unha exposición para os demais alumnos e alumnas.

Trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (espazos e lugares da contorna, momentos históricos, antropoloxía...)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)
- Música e Danza (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de aula
Lapis, pinturas, gomas, tesoiras...
Pegamento, grampas...
Pantaia interactiva

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	35	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,....

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída pola cidade	Visitaremos barrios, edificios emblemáticos e servizos da cidade.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado

Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados